



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CABANAS PARA A RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO ENTORNO DO PIÑEIRAL DA PRAIA DA MADALENA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Cabanas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de marzo de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e o Concello de Cabanas que permitan o desenvolvemento dun plan de mellora consistente na renovación da instalación do alumeado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena, para conseguir unha mellora na eficiencia enerxética, na redución de consumos e melloras medioambientais economicamente sostibles, que benefician a toda a sociedade no seu conxunto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

No Concello de Cabanas existe a necesidade de proceder á renovación da instalación do alumeado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena.





Na actualidade existe unha instalación de alumado público na contorna do piñeiral da praia da Madalena, conformada por 247 puntos del luz que iluminan toda a zona desde a glorieta da N-651, o acceso viario e todo o perímetro marítimo da praia da Madalena.

Nos últimos tempos veñen a producirse continuos problemas de funcionamento na instalación do alumado, ofrecendo unha iluminación escasa e deficiente e un aspecto deteriorado nos seus cadros de control e columnas existentes.

A actuación proxectada ten por obxecto conseguir unha mellora do aforro e da eficiencia enerxética, fomentando o uso racional da enerxía e a óptima xestión dos recursos enerxéticos, utilizando luminarias de elevado rendemento enerxético e larga vida útil.

Trátase dunha instalación que non só mellora notablemente as condicións de iluminación no ámbito de actuación senón que establece una redución importante nos consumos, afectando directamente ao custe económico, ademais dunha importante redución nas emisións de CO2 á atmosfera, na procura de instalacións sostibiles desde o punto de vista económico e ambiental, o que beneficia a toda a sociedade no seu conxunto.

A Xunta de Galicia ten interese e considera unha prioridade a renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena, xa que se trata dunha actuación que procura sensibilizar o uso racional enerxético, especialmente na iluminación pública, supoñendo un referente para futuras actuacións e inversións a implementar no entorno.

A través deste convenio, instruméntase a concesión directa dunha subvención pública a favor do Concello de Cabanas, segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación a este convenio o disposto na devandita Lei.

Así, segundo o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, as deficiencias na infraestrutura do alumado público do entorno do piñeiral da praia da Madalena están a xerar importantes problemas de carácter económico e ambiental, sendo preciso acometer a renovación proxectada, quedando acreditado o interese público, económico e social do obxecto do presente convenio.

Tendo en conta o interese xeral das actuacións incluídas no convenio e o seu carácter singular, determinan a imposibilidade de promover a concorrência pública para este tipo de actuación.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

